




vixia

Plan de Prevención de Riscos
Laborais no Sector Pesqueiro



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR



XUNTA DE GALICIA

Homes e mulleres do mar, mariñeiros, mariscadoras, pesca, economía, saúde, seguridade, prevención. Dificil combinación que parece ter poucas posibilidades de éxito á vista das realidades que actualmente presenta o sector, e que leva a todas as partes implicadas a tomar decisións de forma inmediata para buscar alternativas válidas, capaces de achegar solucións que fagan a vida da xente do mar máis segura e saudable.

Obxectivamente o sector pesqueiro galego mostra un colectivo que representa á maior frota pesqueira de España, que suma aproximadamente o 40% do seu TRB, con máis de 27.000 empregos directos e unha repercusión de 4 empregos en terra por cada emprego no mar, e que supón a nada desprezable cifra do 1,8% do PIB de Galicia.

Pola contra, sendo un sector tan importante, presenta uns datos que en materia de prevención de riscos laborais sorprenden:

- Altas cifras de sinestralidade laboral.
- Deficiente xestión da prevención de riscos laborais a bordo ou ausencia en moitos casos de plans de prevención.

- - Escasos programas específicos para o sector en materia de prevención de riscos laborais (inspecmar, formación puntual en confrarías).

- - A ausencia da pesca como actividade de risco especial no anexo I do R.D. 39/97 non deixa de ser paradoxal.

- - Moitos mariñeiros e mariscadoras en Galicia son autónomos e, polo tanto, non teñen obrigas en prevención de riscos, agás as derivadas do R.D. 171/2004 de coordinación de actividades empresariais en materia de prevención de riscos laborais.

- Consciente destas realidades, a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia deseñou, programou e puxo en marcha o PLAN VIXÍA de prevención de riscos laborais para o sector pesqueiro, que foi presentado nun congreso realizado na Estación Marítima de Vigo coa presenza de máis de 450 profesionais do sector e do mundo da prevención, que debateron amplamente os relatorios que nese foro se expuxeron.

- Os obxectivos deste plan consisten, a grandes trazos, en mellorar os hábitos de traballo a bordo, de forma que se utilicen axeitadamente os procedementos

e os equipos de que dispoñen os nosos profesionais, creando unha tendencia habitual cara á prevención e impulsando modelos preventivos específicos en función dos distintos tipos de frota e artes que se utilicen.

A creación de servizos de prevención mancomunados no sector sería así mesmo un sistema de elección en canto á organización preventiva.

Ampliar o coñecemento que a Administración ten do sector será un elemento imprescindible para aplicar accións de inspección e control da normativa de prevención de riscos laborais, para que estas políticas dean resultados e se consiga rebaixar os índices de sinestralidade que son unha das grandes eivas da pesca.

As liñas de actuación para conseguir a implantación real destes obxectivos son as de sensibilización, formación e asesoramento técnico en prevención de riscos laborais (cursos, xornadas técnicas, seminarios etc.), realizados en colaboración coas organizacións representativas do sector, así como a dotación de medios materiais de seguridade e salvamento nos casos que se considere necesario.

A Consellería de Traballo e Benestar para levar adiante este plan, realiza actuacións coordinadas con outras ad-

ministracións con competencia no sector como a Consellería do Mar, a Inspección de Traballo e Seguridade Social, Capitanías Marítimas, ISM, e distintas organizacións (confrarías, sindicatos, armadores etc.).

- Mención relevante merecen os equipos de control especializados do PLAN VIXÍA que, formados por un inspector de traballo e seguridade social e por un técnico de prevención de riscos laborais do ISSGA, son os encargados de realizar as inspeccións a bordo dos buques no que se refire ás condicións de seguridade e saúde, sen renunciar a calquera outra competencia que no seu ámbito profesional ten o inspector de traballo e seguridade social, ou o técnico habilitado do ISSGA que utilizarán a vía do requirimento para a emenda de deficiencias encontradas.

- Os puntos de incidencia destas inspeccións serán os relativos á documentación de prevención e xestión da mesma, medios de embarque, certificados do buque, caixa de primeiros auxilios e cadro orgánico, medios de salvamento e supervivencia, departamentos de habilitación, cociña e cambusas, cubertas de tránsito e de traballo, paños, adegas, taller mecánico, parques de pesca e maquinaria en xeral, saídas de emerxencia, sinalización, epis etc.

